




CHÍO

Revista cultural dixital





APOFENIA PERMANENTE

Abro capítulo de confesións, que logo de vinte números, xa toca.

Pouco teño falado dos intersticios de Chío, pero o certo é que todos os números publicados ata o de hoxe, levaban mensaxes ocultas. Coma quen xoga a "procura do tesouro", ou algo semellante. Digamos, a posta sobre o taboleiro, que era a revista, de varias pescudas ou referencias, co obxectivo de atopar un nexo común, un fío condutor.

Klaus Conrad (neurólogo) acuñou un termo que deu en chamar APOFENIA. Fai isto referencia á ilusión (moitas veces errónea) das persoas, por crear conexións entre diferentes eventos ou feitos da súa vida.

Pois ben, chegados a este punto, admito: todos os Chíos editados, teñen sido unha apofenia permanente. Xogar cas palabras, as imaxes, as reflexións, ...é fascinante. Ter a sorte de conectar con lectores e lectoras tan implicados como para *entrar nese xogo*, parece complicadísimo. Ai, se o lográsemos!

Se cadra, de aquí en diante é posible convidar a máis apofenias. Mentras, disfruten do publicado.

ENTREVISTA CON JOSÉ CANDO SIXTO

O empresario lugués, José Cando Sixto, novo Presidente de Lugo Sempre

Porque chega vostede a presidir Lugo Sempre?

Ben, o pasado día 14 do mes de abril, Agustín Gallego convocounos a xunta directiva e tamén a socios para informarnos da súa decisión de poñerse a un lado o se presentar na lista do PP ás eleccións do vindeiro 28 de maio; outro tanto fixo a socia Carmen Río que tamén se presentará as mesmas eleccións pola formación Contamos Galicia.

Como cargo orgánico dentro da asociación, Agustín exercía o labor de Presidente e polo mesmo, é un feito que honra a súa persoa e por suposto ó colectivo. De tal feito e nesa mesma xuntanza, decídese darlle continuidade a asociación e créase, de xeito provisional, unha nova xunta directiva na que os compañeiros depositan en min a confianza para exercer a presidencia.

Durante estos anos está satisfeito da labor realizada pola anterior Xunta Directiva?

Satisfeito é pouco decir, síntome orgulloso de formar parte dun colectivo de persoas que poñen o seu empeño, tempo e, porque non dicilo, tamén cartos, en armar vimbios para facer un Lugo mellor.



P R E S I D E N T E

Que proxectos inmediatos ten para a Asociación que preside?

Básicamente seguir o camiño andado e ir progresando pouco a pouco. Non vale de nada correr se non chegas á meta; e a única meta que move a Lugo Sempre é a de facer un Lugo de primeira división e que non quede atrás.

Ate o momento logramos implicar a un bo número de artistas, escritores e poetas, así como a persoas cunha gran sensibilidade social da nosa contorna ás que, con humildade pola nosa parte, damos visibilidade cara á sociedade luguesa. A nosa intención é continuar e no posible, implicar a máis persoas que poidan compartir con nós as súas inxerencias

E a medio e longo prazo?

Sí, temos una asignatura pendiente que, agardo á volta do verán poder poñer en práctica; trátase de organizar conferencias e actos abertos a sociedade luguesa. Para elo tentaremos de financiarnos para poder alugar un local, o máis céntrico posible, e no que poidan participar o maior número de persoas.

Lugo Sempre, é una asociación aberta á sociedade?

Por suposto, como non podía ser doutro xeito, esa é a verdadeira vocación de Lugo Sempre. Na actualidade, preto de medio cento de persoas, entre sócios e simpatizantes, conformamos o colectivo; agardamos incrementar ese número antes de que remate o ano.

Fai uns meses fusionaron traballo con outra asociación; como ve o futuro do que chaman, Irmandade Lugo Sempre?

Sí, é una idea que xa temos en práctica xunto coa Asociación Os 5 Ríos de O Corgo e coa que colaboramos de xeito continuado, mantendo a natural independencia de cada asociación; e teño que decir que ate o momento é unha experiencia moi satisfactoria.

Estamos en contactos moi avanzados con tres asociación máis da provincia que, agardamos en próximas datas, poder chegar os mesmos acordos de colaboración e integración na Irmandade Lugo Sempre.

ASOCIACIÓN CULTURAL
OBSERVATORIO POLÍTICO



P R E S I D E N T E

A asociación da que é Presidente mantivo activo o que deron en chamar Observatorio Político; de manterse nas novas propostas da asociación, seguirán igual de incisivos como ate o momento?

Agradezco moito esta pregunta. Unha das señas de identidade de Lugo Sempre, dende o seu nacemento, foi a de implicarnos, coa máis absoluta independencia dentro da sociedade luguesa; na que convivimos claro está; e a política forma parte da vida diaria das persoas. Sempre dentro da corrección e educación, coa que todos debemos ser tratados, o Observatorio Político de Lugo Sempre, será o faro da asociación; e non, non nos doerán prendas en chamarlle as cousas polo seu nome e a calquera formación política. Se temos que loubar, farémolo e se temos que facer crítica seremos consecuentes co sentir da rúa, as persoas e o benestar dos veciños serán sempre o primeiro para Lugo Sempre.

Diferente

Abraham Cupeiro Músico eterno



Que pregunta lle gustaría que lle fixese?

Pòdese melhorar o sistema educativo coa música?

E cal sería a resposta?

Si, porque a música é unha conxunción de moitas disciplinas, matemáticas, física, historia, ximnasia.

A música é improvisación, movemento, concienciación corporal. É un medio para entender e comprender o que nos rodea dun xeito moi natural e sobre todo porque incide na expresión mediante algo tan abstrato como o son.

Atreveríame a dicir que fai libre as persoas porque disciplina e creatividade van da man.

Unha película?

Pelle el conquistador

Un actor?

Carmelo Gómez

Unha actriz?

Emma Thompson

Unha canción?

School de Supertramp

Un libro?

El ruido eterno

Un autor?

Humberto Eco

Un articulista?

Non sigo

Un político?

NJulio Anguita

Un tempo?

No Paris da segunda metade século XIX

Un taco?

Carallo

Que lle molesta?

Moléstame a calumnias

Alguén ou algo despreziable?

Vanagloriarse de ser ignorante.

UNHA LEMBRANZA

P.N.

Dario

Pouco máis de ano e medio, fai que nos deixou Dario Xohan Cabana. Deixounos a súa figura inmensa de home varudo e barbado; cun mirar sereo e limpo; un sorriso de acougo, e un falar sonoro, claro e docemente penetrante. E un pensar de compromiso consigo mesmo, cos seus, coa terra; onde palabra amor non a esconde; Darío, home de palabra e de palabras; traballadas docemente e dispostas para o son poético. Sí, no País temos un bo feixe de homes e mulleres que nunca morren, o Darío é un de eses nomes. O Darío, pasarán os anos, e estará con nos e cos que veñan tras de nos. O Darío é inmorredoiro na lembranza de tantos. Darío Xohan Cabana é un galego Universal.



LEMBRANZA

CANTIGA DOS POETAS DE LUGO

Baila miña amiga na Praza Maior
debaixo das arbres que estoupan en flor,
e canta de lonxe
o Lopo cantor.

Baila miña amiga na ponte do río,
e pasan as augas con lento desfío,
e canta de amores
don Fernando Esquíó.

Baila miña amiga de zoca chinela
unha muiñeira salvaxe e garela,
e canta de aceiro
Lourenzo Varela.

Baila miña amiga de lúa e de mel,
ardéndolle os beizos coma un caravel,
e canta de sombra
Luís Pimentel

UN LONGO CHÍO

ANTONIO GREGORIO MONTES

A revista Chío enfrenta unha edición estendida, para un período de tres meses sen outro novo número. Logo este chío será longo e con nostalxia dunha frecuencia que o verán pide e logra atenuar.



Cando se teña publicado, teremos rematado de pasar unhas eleccións locais que de seguro terán deixado non só diferente sabor en distintas organizacións e partidos, senón tamén variable considerando diferentes pobos. E estaremos enfrontando un período, algo máis longo que o que se dará entre chíos, ata a chegada de outra convocatoria ás urnas. Desa outra volta, menos centrada no local e máis no estatal. Cabe lembrar, despois do dito, que as eleccións, ao menos en teoría, están capacitadas para un resultado que cambie o noso mundo.



Así este longo chío pode asemade coincidir cun tempo de cambio en maior profundidade que outros semellantes, ollando, á espera e en previsión de posibles máis cambios no futuro próximo.

Tempos movidos ós que lles ven ben un contraste de paz.

Agora, cando comezo a escribir isto, estou mirando o mar. Ós meus pés, a ría, os barcos amarrados, pero tamén algunha embarcación fóra do porto. Un pouco máis lonxe -ou máis preto dos cascos ó fondo- a ponte e sobre ela o tráfico que chega a min pola vista e o ouvido. Pola vista, sobrepoñéndose á liña do horizonte con vultos en movemento sobre a recta que marca a estrada.

Polo ouvido, pasando ben por riba do murmurio das folla axitadas pola brisa e competindo cun par de cans xoguetóns sobre a herba á beira das súas parlanchinas donas, en inglés nunha terra que se supón galegofalante. Contrastes que encaixan sen desentoar.

O ceo algodoado deixa ver nalgures un fondo azul. Por certo, aínda hai pouco que me descubriron a semellanza das verbas que os romanos usaban para a cor e as que tiñan para a cúpula no alto dun día límpido. Ceo máis variado que chama a ollar arriba e atrae levantando o ánimo cara ás invisibles estrelas.



Estrelas que non se ven e estelas visibles: vexo os trazos dos barcos na auga, curiosa superposición de ondas fabricadas polo vento, polos artiluxios mariñeiros e pola auga alborozada que deixa atrás o seu desprazamento. Estelas que cambian a natureza aleatoria da auga, deixando a súa marca escrita esvaecéndose en espera de interpretación.

Da outra beira, día a día vese un pouco máis feito un novo barco que axudará a ter enerxía ó mundo. Á súa beira imponente, as casas das Figueiras quedan reducidas a compañía visual. Bonita, pero compañía. Só as naves insulsas e o entramado das grúas por unha beira, e orestaurado pazo pola outra, compiten co vermello casco en acaparar a vista nesa dirección.

Nesta beira, do vello porto pesqueiro e dársena que acollía ós veleiros das rutas ó norte, suben ós meus pés as rúas que vertebraron o pasado mariñeiro e comerciante de Ribadeo

Límites almeados, que acompañan tamén algunha casa, fan de beira a pazos tranquilos, e a unha mancha verde, prado e horta, en pleno centro do pobo. Pisando a herba ós pés da capela, ata se deixan adiviñar os muros protectores dunha vila do pasado que deixa ver o seu potente presente.

Un faro ó fondo, disposto pero apagado á luz do día, fai de límite entre terra e mar, ría e océano. Máis achegado, o miradoiro aproveitado do que un día foi cargadoiro de mineral, entrañas da terra exportadas para servizo de artefactos construídos lonxe. Entre ambos, faro e cargadoiro, o indefenso forte que pretendía defender a ría.

Detalles entre outros moitos que están á vista e completan esas sensacións que chegan ó corpo nalgúns lugares apreciados precisamente por iso, por poder desfrutalas.

Estou na Atalaia, en Ribadeo.

Díren te

Toño Núñez Navego/Mestre/Poeta



Que pregunta lle gustaría que lle fixese?

Como bo coñecedor do teu amor por Navia, das túas preocupacións pola mellora da vida no rural e do teu activismo, a pregunta sería: nunca pensaches en participar activamente en política no teu concello?

E cal sería a resposta?

Pensei, pensei... No seu momento, ofrecínome para ir nas listas, tanto do BNG como do PSOE, por esta orde, como independente; pero a ningunha das dúas agrupacións lles interesou contar comigo.

Unha película?

Mellor, un xénero: cine social; ou un director: Juan José Campanella.

Un actor?

Cualquera dos actores galegos que patearon os escenarios de toda Galicia formando parte de compañías de supervivencia e que agora tan acadando un recoñecemento importante e mui merecido en España e fóra: Bugallo, Tosar, Miguel de Lira, Morris... Tamén me encanta Toñito de Guitar (Son D'Aldea), un actor afeccionado.

Unha actriz?

O mesmo, pero referido ás actrices galegas: Mabel Rivera, María Vázquez, Tamara Canosa...

Unha canción?

Unha? Imposible! Hotel California, Mediterráneo, Negra sombra, O carro...

Un libro?

Que difícil! Aínda que, neste caso, polo que significou para min cuando ol lin e polo que me identifiquei con Balbino: Memorias dun neno labrego.

Un autor?

Ai... Imposible outra vez... Cortázar, Miguel Hernández, Manuel Rivas...

Un articulista?

Carlos del Amor.

Un político?

Aparentemente, José Alberto Mújica; Julio Anguita tamén me parecía coherente.

Un tempo?

Aquel en que as fillas e os fillos das e dos labregos, mariñeiros, peixeiras, albaneis, zapateiros, limpadoras... entramos na universidade; aquel en que se universalizaron o ensino público e a sanidade pública.

Un taco?

Me cago no váter!


Que lle molesta?

Necesitaría un saco... A riqueza humillante, ofensiva, indignante; o luxo...

Alguén ou algo despreziable?

A explotación, o abuso do poder ou da forza, a ostentación da riqueza

DEBERES PARA EL NUEVO GOBIERNO MUNICIPAL



Gestión con el Ministerio de Fomento para realizar obras de conexión desde la entrada del "Puente Nuevo", con anchura atirantada, (ver Ponte dos Santos en Ribadeo) con cuatro carriles, dos de entrada a la ciudad y dos de salida para enlazar con nuevo trazado, formato autovía, para enlazar a su vez con la A-54 Lugo-Santiago y establecer así una rápida y fluida conexión con la autovía reseñada. Este tramo debe complementarse con una instalación lumínica acorde con los accesos y salida de la ciudad; siendo en la actualidad muy deficientes los servicios señalados.

MOSAICO DA LEMBRANZA I

MOSAICO DA
LEMBRANZA



MOSAICO DA LEMBRANZA I

MOSAICO DA
LEMBRANZA



Diferente

Pilar Falcón
Periodista



Que pregunta lle gustaría que lle fixese?

Una que demuestre que viene informado de quién soy

E cal sería a resposta?

Le veo interesado en hacer una buena entrevista

Unha película?

Los puentes de Madison

Un actor?

Harrison Ford

Unha actriz?

Carmen Maura

Unha canción?

Te espero en Madrid de Arcadio Falcón

Un libro?

El último barco

Un autor?

Domingo Villar

Un articulista?

Siro López

Un político?

Ufff

Un tempo?

La revolución industrial

Un taco?

Joder

Que lle molesta?

La incongruencia

Alguén ou algo despreciable?

Quien dice "no sabe con quien está hablando"

LEMBRANDO A BEN-CHO-SHEY


Recurrimos a Wikipedia para sintetizar algo da vida dun dos grandes galegos moitas veces esquecido. **Xosé Ramón Fernández-Oxea**, nado en Ourense en 1896 e finado en Madrid no 1988, foi un escritor, mestre e investigador tamén coñecido como **Ben-Cho-Shey**, Xan Fouciño e Raimundo Antela. Colaborou con publicacións como O Tio Marcos d'a Portela, La Zarpa, Nós, A Nosa Terra, Lar, Eufonía, La Temporada en Mondariz, Faro de Vigo, La Noche, Vieiros, Cadernos de Estudos Galegos,... Foi membro das Irmandades da Fala, o Seminario de Estudos Galegos e o Partido Galeguista. En 1986 foi galardoado coa Medalla Castelao.



LEMBRANZA

Participou activamente nas Irmandades da Fala e desa época, son habituais as colaboracións no xornal A Nosa Terra, asinadas co pseudónimo Xan Fouciño. En 1920 foi destinado a Marrocos onde adoptou o pseudónimo de **Ben-Cho-Shey** para asinar as crónicas de Guerra do Rif que enviaba ao diario ourensán La Zarpa. En 1925 é mestre nacional por oposición ata que no 1935 é destinado a Lugo onde vai presidir o Partido Galeguista.


Pola súa traxectoria galeguista ao comezo da guerra civil, as novas autoridades suspendérono nas súas funcións no 37, e foi desterrado a Cáceres. En 1951 pediu traslado a Toledo e viviu en Madrid. Desde alí, participou activamente no Centro Galego, mesmo impartindo conferencias en lingua galega, actitude insólita naquel tempo.



A súa presenza en Madrid foi un soporte fundamental para o galeguismo da emigración e grupos literarios como o Brais Pinto ou, máis tarde, no Club de Amigos da Unesco.

Humorista e literato, é moi coñecido pola maior recolleita feita nunca sobre o barallete, a fala dos afiadores, e máis polo seu epitafio, localizado no cemiterio de San Francisco, en Ourense:

"O señor D. Xosé Ramón Fernández Oxea (Ben-Cho-Shey). Gran cruz de Montealegre, colector de Barallete, Preboste do Tangaraño. Ten o gusto de lles ofrecer aos seus amigos o seu novo domicilio no cumio do cimiterio de Ourense, onde os agardará ata que o boten de alí os ediles de turno. A súa dona e a súa filla préganlle encomenden a Deus a súa ánima. NOTA.- Quedan suprimidas tódalas homenaxes postmortem porque as cousas ou se fan ao seu tempo ou non se fan."



No libro, "**Galicia no corazón**", participan una morea de escritores para lembrar os oitenta anos de, Xosé Ramón Fernández Oxea. Entre eles, Anxel Fole, dí:

"Ben-Cho-Shey e mais eu asistimos ó enterro en Lugo, do veterano galeguista Reinaldo Gómez, que precisamente era afilado do meu pai. Coido lembrar que era unha tarde de maio do ano 1934. Xa chovéu meus leutores...

Ben-Cho-Shey acababa de ser destinado a Lugo como inspeutor do Instituto Primario. Era un home forte e moi dilixente. Lémbrome bem que por aquelas datas vivía nun piso da Mosqueira; trasladóuse dempóis a outro millor, da rúa de Quiroga Ballesteros, rúa que fora aberta facía poucos anos.

Andados us meses, a Agrupación galeguista xa tiña local propio nunha antiga casa de moita folganza, na historia rúa do Miño. Com segredaría, e sala de xuntanzas, que tamén servía de salón de conferencias. Tamén era domicilio político dos rebuldeiros rapaces da Mocidade galeguista. Un ano despois da súa constitución, a Agrupación xa pasaba dos cen afiliados. E craro é que tódolos días visitábamos o local e parlicábamos dúas ou tres horas. Alí leíamos os semanários e revistas galeguistas, dendê "Nós" hastra "Guieiro" e "A Nosa Terra", sin esquecer a lectura de "El Pueblo Gallego", e moitos libros da editora "Nós".

Ben relembro as conversas com Servando de Vallina, Antonio Paz, José Mar e Varela, Manolo do Parque, Lorenzo Varela, Ramón Piñeiro, Antón Figueroa, Pepe Mintel e tantos e tantos outros...

A min fixéranme impresión o enxebrismo iredutibel do Ben-Cho-Shey. Falaba castelán cando non tiña mais remedio. O tema da Galicia era inesgotábel nos seus labres...O románico en Ourense, o barroco en Santiago, as colchas de coores, as antigas alfarerías que inda traballaban.

Pola súa conversa poucas voces casteláns esbaraban. Nunca decía "instante", senón "intre"; endexamáis se lle escapaba un "ahora" por un "agora"; nunca lle sentín decir "vez" no sitio de "vegada"; para il, "Orense" era sempre "Ourense"...


E agora acae decir que il era o presidente do Partido Galeguista en Lugo e eu o seu segredario provincial. Sí, señor... O noso programa de acción era verdadeiramente tan ampro como ambicioso. Emprinciando por unha pelerinaxe a San Andrés de Taixido, pola xente do Partido e mais da Mocidade, e seguindo cunha xeira pola Bretaña, Irlanda, Gales e maila Escocia. No emprincipio do ano trinta e seis xa había coarenta apuntados ás dúas xeiras. Nin que decir tem que estábamos seguros e bem seguros ca autonomia de Galicia sería un feito á volta de moi pouco tempo...

¡Ai entón!... Todos mercaríamos un diario escrito totalmente en galego, dus cuarenta mil exemplares de tirada...Ninguén se atrevería de pór barreiras a tan entrañábeles arelas.

Das conversas con Ben-Cho-Shey tódolos rapaces saían máis afincados nos seus sentimentos de galleguistas. O seu maxisterio, a iste respeito, non puido ser mais facedeiro.

Sempre convencia e anortaba. Todos os que o tratamos contábamolo entre os "galeguista cen por cen."

E todos conviñamos na crencia que non era doado batir cun home tan bondadoso il. Etamén todos os que tivemos a grandisma sorte de o tratare nos preguntamos: "Que fará hoxe Ben-Cho-Shey? ¿Cómo levará os seus oitenta anos?"



Diferente

Alberte Xullo Rodríguez Feixoó
Avogado



Que pregunta lle gustaría que lle fixese?

Chegou xa a primavera?

E cal sería a resposta?

Ainda non, pero está a chegar e devezos por ela

Unha película?

Almas en pena de Inisherin

Un actor?

Peter Sellers

Unha actriz?

Annette Bening

Unha canción?

Satisfaction

Un libro?

Walden dos

Un autor?

Manuel Curros Enríquez

Un articulista?

Juan Tallón

Un político?

Xosé Manuel Beiras

Un tempo?

Entre os 40 e os 50 anos

Un taco?

?

Que lle molesta?

A necesidade


Alguén ou algo despreziable?

A maldade

BALEIRA, "TEORÍA DA V"

ANTÓN CANDO *

Teoría de por qué "B(V)aleira" debería escribirse con "V"



COLABORACIÓN

O concello da Valeira está formado por outras serras e profundos vales. Tendo numerosos pobos ca súa toponimia fai referencia ós devanditos vales, coma: Valdería; Valdebaixo; Valín; Valdeirexe; e Aldegunde posibelmente na súa orixe gramatical Valdegunde; o propio Cádavo capitalidade do concello, é un elevado outeiro que, fai de nexo de unión entre vales, por un extremo deixa correr augas que recolle o río Eo, e polo outro verte augas formando regachos e pequenos arrosios que van dar o río Neira; e anque pareza encoscar o cosco, O Cádavo, topónimo actual, podería derivarse da verba Cadavallis ou Cadaval.

Mesmamente, cando remata o concello da Valeira atopamos nos seus senllos cabos máis vales coma: Valonga, no concello de Pol. Limitando polo outro temos o Val do Neira do Rei, no concello da Baralla; verba esta xurdida ó mellor de Valaia, ou Valalla. E podería darse a mesma desviación lingüística co lindeiro concello da Becerreá, orixinándose de Valderreá, Valderríos, ou de vía real.

Polo analizado ata d-agora, a miña homildosa teoría vai encamiñada a que Valeira na súa orixe etimolóxica, axiomáticamente viría de vallis, (e non de baleira, ou vacía, coma pensábase ata agora,) podendo chamarse Vallería, ou Valleira, e derradeiramente Valeira, conclusións que fanme reivindicar a súa oficialidade lingüística. Probabelmente daríase un caso semellante con Varalla, e con Vecerreá, prô faría falla facer un estudo en profundidade destes dúas capitalidades pra poder contar con mais datos.

VALEIRA, BERCE DA NOSA XENTE

Ponse o sol na altiva cume da Vacariza,
entrana do lexendario río subterráneo
de son latente nas noites panxodas,
que só oen os piñeirais, onde crían os esquíos
cando xogan coas pantasma do castelo caío.
Risca o día na alpestre serra do Pozo,
coroadada polas ergueitas rochas de Penas,
aniñando a Raíz, frondecente albogo
de curativas augas ferruxinosas.
E facendo camiño pra Fonsagrada,
leda está a chancie da Fontaneira,
berce do Neira, de augas cantareiras
emulando o son da zanfoña do Florencio.
Dende a Muiña, o Castro, Córneas, e Perrelos
velan dos vales os espíritos dos celtas,
na Matanza aínda linxen no ar as espadas,
e rinchan os corceis dos cristiáns e os mouros,
namentras caladiñas están as medorras,
gardando o segredo da grade de ouro.
Románicas pedras érguense na Esperela,
tanxen as súas campás, bican o ar os domingos,
espertando o sangue nos recunchos da terra
da batalla dos árabes coas tropas do rei Alfonso.
Vai por Fonte o noso mellor pregoeiro,
con augas cristaiñas e murmurio de deuses,
baixa por Sampaio e canta co grao no muíño,
folgándose no enxebre edén de Cabreira,
namorado de Martín, bica as faias da Marronda,
pra despedirse o Eo da súa nai tristeira.
No regazo de Breogán o Cádavo dormita,
asusurrado co ar das antergas carballeiras,
cuberto co nobre manto das súas pradeiras,
prateado cos Regos e o río dos Mosqueiros.
Soutos de emblemáticos ourizos dourados,
onde xuntos conviven nos pardos outonos,
as doces castañas e os cogumelos,
silveiras, xesteiras e coudullos,
quente fogar de paporrubios e merlos.
¡Valeira, qué fermosa eres Valeira,
ti es o barreliño da nosa xente,
eres natureza, vales e historia,
serras reserva da biosfera eres,
Baleira, cómo non te escribes Valeira.!

MOSAICO DA LEMBRANZA II



MOSAICO DA
LEMBRANZA

MOSAICO DA LEMBRANZA II

MOSAICO DA
LEMBRANZA



Diferente

Xosé Otero Canto

Poeta



Que pregunta lle gustaría que lle fixese?

Unha pregunta que non tivese resposta e houbera que contestala nun silencio sostido.

E cal sería a resposta?

Ó silencio cómplice.

Unha película?

Novecento

Un actor?

Johnny Depp

Unha actriz?

Nicole Kidman

Unha canción?

Lela.

Un libro?

Martín Fierro.

Un autor?

Valle-Inclán

Un articulista?

Rodrigo Cota.

Un político?

Labordeta.

Un tempo?

Ó que sae do pensamento cando cres que estás en posesión da verdade.

Un taco?

Ó polisémico "carallo"

Que lle molesta?

As mentiras patolóxicas dalgúns políticos-as e as súas votacións sempre ao mesmo bando, aínda que sexa en contra do pobo e en contra deles mesmos.

Alguén ou algo despreziable?

Aqueles que cren que as mentiras repetidas rematan sendo verdade.



SINE DIE

*"El argumento se quedó
parado y sobrevino la
felicidad"**

Cuenta **Sánchez Ferlosio** en su discurso del premio Cervantes 2004, que su amigo Jacinto Batalla da por terminada con esta frase, una conversación mantenida por ellos, acerca del carácter y el destino.

ACLARÉMONOS

Chío avanza ao abeiro da asociación cultural e observatorio político, **Lugo Sempre** (www.lugosempre.com)

En relación aos **contidos** deste **Chío**, precisamos o que segue:

- Na revista, existen diferentes **ligazóns** que permiten ampliar, ás veces, a información aquí vertida.
- **Antón Cando** colabora con **Chío** aportando apuntes que poden ser ampliados dende o seu **blog**. O poema "Valeira, berce da nosa xente", está incluído no libro "**Ó son da terra**" publicado pola editora Instituto Magno, e distribuído polo Consorcio editorial galego. O galego empregado por Antón Cando, tenta semellarse a fala, facendo uso de criterios ortográficos e sons que non son normativos.

No referido as **imaxes**, procede aclarar que son de autoría propia, ou ben cedidas con gusto, polo autor/a ou artista, en certos casos.

- **Mosaico da lembranza I** contén imaxes da Praza de Santo Domingo.
- **Mosaico da lembranza II** percorre a rúa da Raíña.

— — — — — — — — — —

O presente número de **Chío** pretende cubrir o trimestre do estío. Máis nada. Pechar un ciclo? Quen sabe! Facer un punto e parte? Quizais. Dende logo, falar do destino na despedida non é unha casualidade nin apofenia ningunha. Porén cremos nos lectores e lectoras intelixentes, de xeito que pouco é necesario engadir, non si?

Coordina e dirixe Chío, Melina López



[LugoSempre](https://www.facebook.com/LugoSempre)



[@lugosempre](https://www.instagram.com/lugosempre)



CHÍO

Revista cultural dixital

